



Wogade

ORIENTACIÓN ESCOLAR

XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS EN IDADE ESCOLAR

1. INSCRICIÓNS

A inscrición no programa XOGADE (Xogos Galegos Deportivos) en Idade Escolar formalizarase a través da páxina web www.deporteescolargalego.com, dentro do programa: xogade.xunta.gal.

A data de peche da inscrición é o 31 de marzo de 2017.

Para participar no Campionato Provincial a inscrición deberase confirmar con 10 días de antelación ao inicio da mesma.

2. PARTICIPANTES

Só poderán participar os/as deportistas das seguintes categorías, diferenciándose masculina e feminina:

Infantil: nados nos anos 2004-2003.

Cadete: nados nos anos 2002-2001.

3. FINS DA ACTIVIDADE DE ORIENTACIÓN

O deporte de Orientación ofrece aos participantes unha ferramenta útil no ensino pero tamén unha alternativa moi atractiva para o gozo do tempo libre.

Con este deporte os participantes aprenden a orientarse en calquera situación ou circunstancia. Extrapolando as nocións básicas deste deporte á vida cotiá a orientación aporta coñecementos aplicables nas numerosas situacións do día a día, como poderían ser: a cidade, a natureza, o seu propio contorno urbano e incluso en situacións pouco habituais que supoñen o descoñecemento de certos lugares, unha situación de desorientación respecto á rutina diaria e a adaptación a novos contornos.

4. ELEMENTOS BÁSICOS PARA A COMPETICIÓN

A carreira de orientación é unha carreira individual, contra reloxo e en terreo descoñecido, na que o deportista ten que pasar por unha serie de puntos chamados controis, os cales están sinalados con exactitude no seu mapa, e situados no terreo mediante unha baliza. O deportista completará o percorrido máis ou menos rapidamente dependendo da súa habilidade para interpretar o mapa (xunto co apoio do compás) e o seu nivel de condición física.

5. FASES DA PROMOCIÓN ESCOLAR

Farase unha xornada por provincia, que constituirá o Campionato Provincial, dependendo do número de inscricións, e coordinadas polos Servizos de Deporte de cada provincia coa Sección Técnica de Orientación da Universidade de Vigo.

Este campionato realizarase para as categorías infantil e cadete masculino e feminino. A participación é individual.

As datas de celebración desta fase realizaranse entre os meses de marzo e abril.

6. DATAS

Cada Campionato Provincial terá unha data determinada por cada Servizo Provincial.

7. OUTRAS NORMAS

Todos os aspectos non recollidos nestas normas serán regulados pola normativa oficial da Federación Galega de Orientación. <http://fegado.es>

Tamén rexe a regulación xeral que se pode consultar na páxina web de Xogade: xogade.xunta.gal.